Mix, mix, mix!

Instrucciones para familias

En *Mix, mix, mix!* combinamos as pezas para crear diferentes Lindas; cambiámoslles a roupa, o estado de ánimo, o sitio onde se atopa...

Con este libro, os bebés entreteranse combinando a cabeza, o tronco e as pernas de Linda mentres aprenden estruturas e vocabulario relacionados con roupa, estados de ánimo, accións...

Como funciona?

As páxinas interiores deste libro están divididas en tres partes, que se corresponden coa cabeza, o corpo e as pernas e pés de Linda. Isto permítenos combinar partes de distintas páxinas con multitude de opcións. Podemos, por exemplo, manter a mesma cara e cambiar a vestimenta, pasando dun vestido a un chuvasqueiro. Desta forma fomentamos a curiosidade do bebé, así como a súa creatividade.

A continuación, detallamos o uso deste libro con e sen Talking Pen.

Co Talking Pen: para empezar só temos que poñer o Talking Pen sobre o botón "Start" da portada e, acto seguido, situalo sobre os diferentes textos para activar os audios.

Se colocamos o Talking Pen sobre o título na portada, escoitaremos: *"Mix, mix, mix. Let's play with Linda!"*

A páxina 2 contén un glosario do vocabulario máis importante. Os audios actívanse ao colocar o Talking Pen sobre os elementos.

No resto das páxinas só temos que poñer o Talking Pen sobre os diferentes elementos para ler a frase correspondente.

Sen o Talking Pen: podemos ler os textos do glosario e as páxinas combinables. É recomendable poñer énfase sobre todo o vocabulario do glosario. Opcionalmente, tamén podemos utilizar varias preguntas para acompañar a lectura:

- ***"What is Linda wearing?"*** *"Linda is wearing..."* para preguntar sobre a roupa.
- ***"What is Linda doing?"*** *"Linda is blowing a kiss / is sleeping..."* para preguntar sobre unha acción.
- ***"How is Linda?"*** *"Linda is happy / sad / angry."* para preguntar sobre o seu estado de ánimo.
- ***"Where is Linda?"*** *"Linda is on the grass / in a puddle / in the bath / at the beach."* para referirnos ao lugar onde está Linda.

É importante, ademais, alentar e felicitar ao bebé cada vez que responde correctamente, utilizando expresións como *"Very good!"*, *"Well done"* o *"Good job!"*

Kids&Us®
language school